

OS DETERMINANES

os determinantes				
artigos	demostrativos	posesivos	indefinidos	numerais

Os **demostrativos** van diante do nome e indican a que distancia do emisor se atopa a persoa, animal ou cousa nomeada.

1. Completa a táboa dos determinantes demostrativos.

	Masculino		Feminino	
	Singular	Plural	Singular	Plural
Cerca	Este			
Distancia media				Esas
Lonxe		Aqueles		

2. Escribe os demostrativos adecuados para os diferentes elementos que se ven na imaxe. Ten en conta as distancias.



..... barcas

..... casas

..... ponte



vacas

árbores

montañas



roda

barcos

botella

3. Escribe unha oración que conteña:

- Un demostrativo feminino singular que indique distancia media.

- Que conteña un demostrativo masculino plural que indique cercanía.

- Un artigo determinado feminino singular e un demostrativo masculino plural.

- Un artigo indeterminado masculino plural e un demostrativo feminino singular.

4. Localiza e clasifica os artigos e os demostrativos deste texto.

O mes pasado fomos á praia de Arcade. Foi unha excursión moi emocionante. Puidemos gozar de moitas cousas: o cheiro do mar, o rechouchío das gaivotas e corvos mariños, o parque... E, obviamente, recollemos os plásticos e demais residuos da zona, pois este era o obxectivo principal da nosa visita. Esta saída foi unha das mellores do curso! Agora todas aquelas bolsas de lixo que recollemos están a agardar por nós no colexio para ser clasificadas.

